

Celga



2

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-07

PARTE 1 (Texto oral)

A continuación, vai vostede ver dúas veces seguidas unha reportaxe sobre os adiantos. Tome as notas que precise.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido da reportaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ De que “adiantos” fala o vídeo? ▪ Cales parecen ser os inventos mellor valorados? ▪ Os entrevistados mostran morriña das épocas anteriores aos inventos? 	
3. RELATO	3 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none"> A. Conte algunha experiencia en que vostede ou algún coñecido seu se vise sorprendido por algún adianto que hoxe en día xa sexa habitual (a luz eléctrica, unha viaxe en avión, a televisión, o teléfono, o móbil, internet, o GPS...). B. Conte como cre que era o mundo sen luz eléctrica nin auga corrente. Como pensa que lle afectaba isto á vida da xente. C. Hai anos, foi a luz eléctrica e a auga. Despois o cine, o teléfono e a televisión. Agora é o correo electrónico e internet. Conte cales cre que serán os avances do futuro ou que adiantos lle parece que serán máis útiles para vostede. 	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

OPCIÓN A

- Imaxine a sorpresa dunha persoa do século XIX que vivise na nosa época. Que cre vostede que lle chamaría máis a atención?
- Hai anos, a primeira proxección dun tren nunha sala de cine espantou os espectadores que temían ser atropelados. Cre que aínda hai moitos adiantos que nos dan medo?
- Cal dos inventos ou adiantos dos últimos vinte anos lle parece máis sorprendente? Explique a razón.
- E cal lle parece o máis prescindible? Explique os motivos.
- *(Se procede)* Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN B

- Cales pensa que son as principais vantaxes da existencia da luz eléctrica? Por que?
- E da auga corrente?
- Cales son, ao seu xuízo, os inventos que, á parte da luz e da auga, nos fan unha vida máis cómoda?
- En moitas casas hai frigorífico, lavadora e auga quente. Se tivese que prescindir dun destes tres adiantos, cal deles escollería? Por que?
- *(Se procede)* Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN C

- Que invento cre que sería hoxe en día o máis desexable para a humanidade?
- Que avance lle parece que pode ter lugar nos próximos dez anos? E nun futuro máis afastado?
- Cre que os cativos teñen máis capacidade para tirarlles partido aos novos inventos e adiantos? Por que?
- Coñece vostede a alguén que, polas razóns que sexan, prefire prescindir dos avances tecnolóxicos (de todos ou dalgún deles)? Que opina desta opción?
- *(Se procede)* Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?